



RESUMO BÁSICO: CONVOCATORIA ANPAS 2016- PO FSE Galicia 2014-2020

CONVOCATORIA.- RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2015/16 (DOG nº 248; do 30 de decembro). **Procedemento SI449A.**

Entidades beneficiarias (artigo 4º) :

Asociacións de nais e pais de alumnos/as (**ANPAS**) dos centros educativos sostidos con fondos públicos (colexios públicos e concertados), que estean inscritas no censo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Programas de actividades extraescolares subvencionables (artigo 1 e 5)

- **Programas de actividades extraescolares e complementarias** dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial que teñan como fin contribuír á conciliación da vida familiar e laboral no curso escolar 2015-2016.
- **Requisitos das actividades**, os previstos no artigo 5 da convocatoria, entre os que figuran os seguintes:
 - realizaranse nas dependencias do centro educativo e fóra do horario lectivo, de luns a venres durante o curso escolar 2015/2016 e durante unha hora diaria como mínimo;
 - a programación das actividades será en horario continuado desde a hora de inicio á hora de remate co fin de evitar baleiros intermedios que dificulten a conciliación;
 - cada actividade dirixirase obrigatoriamente a un mínimo de 10 alumnas/os pertencentes a unidades familiares con ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM (48.451,14 €/ano), límite que se incrementa nun 15% máis (55.727,18 €/ano) cando se trate de familias monoparentais ou familias numerosas.

Para a acreditación deste requisito poderá presentarse ben a declaración do IRPF ou certificacións da AEAT referidas aos ingresos do último período impositivo vencido (2014). Estas certificacións poden solicitarse polas unidades familiares ou autorizar á Secretaría Xeral da Igualdade para a súa consulta telemática (véxase a Instrución nº 1/2016, do 21 de xaneiro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aclara a forma de acreditar o requisito de ingresos das unidades familiares a efectos do previsto no artigo 5.1.e) da convocatoria de axudas dirixidas as ANPAS para a realización de actividades extraescolares para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral no curso escolar 2015-2016. Está resolución e modelo para autorizar á consulta están publicadas na páxina web: <http://igualdade.xunta.es>).

Na valoración das solicitudes a programación de actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade, fomentar a corresponsabilidade e o respecto mutuo, e a prevención da violencia de xénero.

Gastos subvencionables, custo unitario e contía máxima da axuda (artigo 5, punto 5 e 6; e artigo 6)

Serán gastos subvencionables os derivados da realización do programa de actividades extraescolares obxecto de subvención, referidos a custos directos de persoal e a outros custos directos e indirectos relacionados no artigo 6 da convocatoria.

Para a determinación da gasto subvencionable e do importe da axuda aplicase o sistema de custo simplificado segundo o esixido polos regulamentos dos Fondos Europeos, segundo custo unitario por hora de asistencia por alumno ou alumna.

- **Custo unitario:** 1,10 € hora asistencia/alumno-a, co límite de 144 días lectivos por actividade.
- **Contía máxima da subvención:** 6.000 € por entidade.

Réxime de concesión (artigo 1.3)

Estas axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Presentación de solicitudes e prazo (artigo 7)

Presentación: Na sede electrónica da Xunta (vía telemática), a través do formulario dispoñible en: <https://sede.xunta.es>; en papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, (de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común); ou, nas oficinas de correos. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folia do formulario para garantir a data de presentación.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, **finaliza o 30 de xaneiro de 2016.**

Prazo de xustificación (artigo 15)

As entidades beneficiarias deberán presentar **a documentación xustificativa da realización do programa** de actividades extraescolares **coa data límite do 30 de xuño de 2016.**
